




# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Co obxecto de manter unha actuación homoxénea na tramitación e recoñecemento dos estudos realizados nas Universidades estranxeiras ou españolas, dentro dos diferentes programas de mobilidade nos que participan os alumnos da USC e o seu encadramento nos diferentes planos de estudos, que organizan os Centros da USC, dítase a seguinte

## RESOLUCIÓN


Primeiro.- Tódalas materias ou créditos cursados polos alumnos en universidades españolas ou estranxeiras nos diferentes programas de mobilidade deberán recoñecérselle ós estudantes sempre que figuren no correspondente *ACORDO DE ESTUDIOS OU ACORDO ACADÉMICO*.

Segundo.- Cando algunha das materias que se recoñeza non se imparta dentro dos plans de estudos que organizan os centros da USC poderán recoñecerse como créditos optativos ou de libre elección, segundo acorden os órganos correspondentes dos centros, e te-la consideración de oferta académica no exterior.

Terceiro.- Se estas materias ou créditos se recoñecen como materias ou créditos optativos, estes poderán te-la consideración de créditos *optativos de orientación ou especialidade* sempre que o contido académico dos mesmos se corresponda coa orientación e coa área ou áreas de coñecemento que a sustentan segundo acorden os Centros.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2002

O Rector


Senén Barro Ameneiro

Sr. Vicerrector de Organización Académica e Profesorado, Sr. Secretario Xeral, Srs. Decanos e Directores de Centro; Sra. Xefa da Asesoría Xurídica; Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sr. Director do SEIN; Sr. Responsable da Área Académica do SEIN.